

PREGUNTAS FRECUENTES:

- **Por que teño que xustificar un gasto para poder cobrar a axuda xa concedida?**

Porque a lexislación de concesión de subvencións obriga a que toda subvención que se recibe debe ser xustificada e debe cumprir a finalidade para a que foi concedida.

Ao longo deste curso esta esixencia legal cumpríase coa emisión da certificación do gasto pola ANPA/Empresa prestadora do servizo de comedor.

- **Por que non se abonan as axudas sin máis trámites?**

Polo mesmo motivo que o indicado anteriormente. Todas as subvencións públicas deben cumprir coas normas legais.

As axudas foron concedidas para asistencia a comedor. Neste caso polo Concello articulouse un trámite extraordinario para beneficiar ás familias beneficiarias afectadas por unha circunstancia sobrevida (COVID 19). Pero eso non exime do cumprimento da lexislación de aplicación.

- **Que contía me corresponde como axuda que teño que xustificar?**

A que resulta de sumar a axuda concedida mensualmente desde o inicio da situación COVI19 e ata a data oficial de remate do curso.

- **E que pasa se non teño xustificantes de gasto desde a data inicial (marzo)?**

O gasto que se pode xustificar é o máximo polas contías concedidas nese período. Pero non ten porqué terse realizado nesas datas se non dentro de todo o período subvencionado (do 16/03/2020 ata 19/06/2020).

A modo de exemplo: contía concedida mensualmente de 95,00 €. A efectos de cálculo da contía máxima a xustificar deben terse en con os días lectivos de marzo e xuño e os meses de abril e maio completos. O gasto total máximo é o que teño que xustificar con independencia do momento quen que teña realizado a compra sempre e cando estea dentro das datas de imputación (do 16/03/2020 ata 19/06/2020).

- **Que contía teño que xustificar?**

Pode entregar os xustificantes de gasto que considere oportuno. Non obstante, só se abonará a contía xustificada correctamente polo máximo da contía mensual que ten concedida inicialmente como axuda ao estudo - Liña 1 (comedor).

A modo de exemplo:

- Axuda para 2 fillas/fillos
- Cada fillo ten unha axudas concedida de 50,00 €/mes

- Deberá xustificar ata un máximo que coincida cos días lectivos oficiais no caso de marzo e xuño + meses completos de abril e maio:
 - Contía días lectivos marzo: 11 días = 25,00 €
 - Contía días lectivos xuño: 15 días = 34,09 €
 - Abril completo: 50,00 €
 - Maio completo: 50,00 €
 - Contía máxima a xustificar por nena/neno: 159,09 €.
- **Se teño axuda para 2 ou máis descendentes teño que entregar xustificantes por separado:**

Non. No modelo que se publicará para presentar a xustificación deberánse indicar os datos das/dos menores e teranse en conta as contías concedidas pero a xustificación será unha soa, válida para ambas persoas descendentes.

- **Por que presentar facturas e non sirven outros xustificantes?**

Unha vez máis porque a Lei así o esixe. A factura identifica á persoa pagadora. O tique de compra xeralmente non.

- **A nome de quen debe ir a factura?**

A nome da persoa beneficiaria da axuda.

- **Se non xustifico polo máximo concedido que pasa?**

Que se ingresará a contía xustificada.

- **Se non achego xustificantes que pasa?**

Nada. Simplemente non recibirá a contía que tiña concedida.

- **Teño que entregar algo que acredite a relación da mercadoría comprada imputada á subvención?**

Sí. Eso responde a que a disposición transitoria indica qué produtos son imputables á subvención e, polo tanto, deben concretarse para que se poida validar a xustificación.

- **Teño que entregar 1 factura por cada compra realizada?**

Recoméndase a entrega de facturas con varias compras incluídas para evitar que os provedores teñan que emitir unha cada vez que se realiza compra. Ademais, será máis sinxela a comprobación para a xustificación e, polo tanto, o pago das axudas realizarase antes.

- **Os xustificantes que entregue teranse en conta sin máis?**

Obviamente non. Comprobaranse os produtos que figuren nas relacións de facturas ou tiques complementarios.

Esta comprobación é máis en relación coa tipoloxía de produtos que coas cantidades que se acrediten (agás cantidades esaxeradas).

- **Por que teño que volver a presentar que estou ao corrente coas obrigas tributarias?**

Porque esta é unha esixencia da lexislación reguladora de subvencións. O entregado no momento de solicitude da axuda xa non está vixente por ter un período máximo de validez de 6 meses. Pero só se terá que facer declaración responsable no modelo que se facilitará. Non obstante, pola administración poden comprobarse os datos e aplicar as medidas que correspondan.

- **Cando teño que xustificar o gasto?**

Unha vez que acabe o curso 2019/2020 (data oficial de remate: 19/06/2020) e dentro dos 10 días naturais seguintes.

Tendo en conta o dito, o prazo ordinario de xustificación é do 20 ao 29 de xuño de 2020

- **Qué contía teño que xustificar?**

No caso de que a contía xustificada e validada sexa inferior á concedida, ingresarase o que se teña correctamente xustificado.

No caso de que a contía xustificada e validada sexa superior á concedida, ingresarase como máximo a contía que resulta do cálculo dos días lectivos do período sen clases presenciais. Para maior claridade, na seguinte táboa indícanse os gastos máximos que se terán en conta según a contía mensual concedida como axuda para comedor:

CONTÍA MES CONCEDIDA	CONTÍA MÁXIMA A XUSTIFICAR
95,00 €	302,27 €
76,00 €	241,82 €
57,00 €	181,36 €
47,50 €	151,14 €
28,50 €	90,68 €
19,00 €	60,45 €